

LETRAS GALEGAS

maio 2012

VIII MOSTRA DAS ARTES E AS LETRAS
DOS EMPREGADOS PÚBLICOS



XUNTA DE GALICIA

VIII MOSTRA COLECTIVA DAS ARTES E DAS LETRAS DOS EMPREGADOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA GALEGA

Pintura:

M. Beatriz **Álvarez Penas**
Felipe **Bardelás Mosquera**
M^a Cándida **Cabaleiro Barreiro**
Carmen **Casal Llorente**
Luis **Cervíño Pernas**
Constantino **Cuesta**
Rosa M^a **Díaz Veloso**
Marina **Domínguez Lomba**
Manuel **Escribano Gallego**
Ramón **González-Alegre Burgueño**
Rafael **Lampón González**
Xosé Luis **Louzao Martínez**
Josefa **Mariño Rivas**
Jaime **Muinelo Grueira**
José M. **Pichel Cosme**
Javier **Reiriz Villar**
Gilberto **Rey Grande**
Victor **Rey Grande**
Amparo **Ribeiro**
Sagrario **Rilo Mato**
M^a Jesús **Riveiro**
Victoria **Rodríguez Solorzano**
Manuela **Romero Vázquez**
Celia **Santos Expósito**

Colaxe:

Ramón **Jiménez Pérez**
Pilar **Pérez Abilleira**
Amelia **Rivera Rodríguez**

Debuxo:

Felipe **Bardelás Mosquera**
Román **Bueno Murga**
M^a del Rosario **Fernández Cabaleiro**
Pilar **García Rego**

Escultura:

Josefa **Mariño Rivas**
Alberto Sabino **Miraz Pérez**
Pilar **Quinteiro Alonso**
Gilberto **Rey Grande**
Sagrario **Rilo Mato**
Amelia **Rivera Rodríguez**

Deseño:

Marta **Fernández Silva**

Maquetación:

Josefa **Mariño Rivas**

Fotografía dixital:

M^a del Carmen **Álvaro López**
Francisco **Cela**
Ana **Díaz Alonso**
Jaime **Díaz Fiuza**
Pilar **Feás García**
Alberto **Lorenzo Salamanca**

Poesía:

María del Carmen **Álvaro López**
Sagrario **Rilo Mato**
Lita **Rivas**

Relato curto:

Ana **Díaz Alonso**
Javier **Reiriz Villar**
Lita **Rivas**
Xulio **Xiz**

Maio - Sala de Exposicións da EGAP
Santiago de Compostela - Xunta de Galicia
Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
Santiago de Compostela, 2012

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

Alfonso Rueda Valenzuela

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

Pablo Figueroa Dorrego

COMISARIADO

Josefa Mariño Rivas

COORDINACIÓN

Josefa Mariño Rivas

PORTADA

Ramón Jiménez Pérez

TEXTOS

Lita Rivas

CARTEL E MAQUETA

Ramón Jiménez Pérez

IMPRIME

Noroeste Gráfico Impresor, S.L.

Dep. Legal: C-1530-2007

P R Ó L O G O

Co gallo da celebración institucional do Día das Letras Galegas, que todos os anos acolle a EGAP, nesta ocasión para render unha merecida homenaxe a Valentín Paz Andrade, nado en Vigo, empresario, gran emprendedor e defensor dos intereses de Galicia, xurista, político galeguista e escritor. En suma un dos máis destacados persoeiros da vida política, económica, social e cultural do século vinte, tanto no plano autonómico como nacional e mesmo internacional, pois foi un dos principios valedores e representantes da nosa comunidade en distintos organismos e institucións.

Con esta, son xa oito as edicións ininterrompidas das “Artes e as Letras dos Empregados Públicos”, unha mostra coa que estes amosan a súa vontade de contribuír coas súas creacións artístico-literarias a enaltecer este gran día sumándose aos actos programados pola Escola Galega de Administración Pública.

Non nos é alleo, e por iso queremos agradecerlo, o importante sacrificio que, todos os anos, un nutrido grupo de traballadores da nosa Administración realizan para achegar as súas obras, nas que transmiten a mensaxe de que a arte e a cultura son unha necesidade para os seres humanos, máis aló das dificultades e adversidades que teñen que afrontar diariamente, como servidores públicos ao servizo do cidadán, derradeira razón de ser de toda a acción administrativa.

Malia a todas as dificultades, os participantes nesta exposición deixan constancia nos traballos de pintura, debuxo, colaxe, escultura, fotografía, deseño, maquetación, poesía, relato, etc., dun labor intelectual silencioso, feito nas horas dun lecer culto, alleo á vulgaridade reinante, que reflicte no seu conxunto capacidade creativa e riqueza de recursos estéticos. Traballos acometidos con iniciativa e imaxinación, seguindo quizais a máxima de Confucio: “Se amas o que fas, nunca será un traballo”.

Grazas, por tanto, aos artistas e escritores participantes, ás persoas que colaboran coa EGAP nesta festividade e tamén a todos aqueles que se achegan a estes actos, o que sen dúbida contribúe a manter e potenciar o noso patrimonio artístico e cultural. Polo que nos reafirmamos na necesidade de continuar e consolidar esta actividade, a cal constitúe unha ocasión única de contrastar propostas e miradas cos distintos autores, neste caso empregados públicos, dos distintos puntos da nosa comunidade autónoma.

Santiago de Compostela, 17 de maio de 2012

Día das Letras Galegas

O Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Alfonso Rueda Valenzuela

LIMIAR

Sempre hai un tempo

Estamos a atravesar unha etapa moi difícil. A crise económica é unha pesada lousa, que aturamos de xeito individual e colectivo.

Maila iso, aquí estamos un ano máis, e xa son oito, nesta VIII edición da Mostra das Artes e das Letras dos Empregados da Administración autonómica galega, que é posible grazas ao esforzo e á constancia da FSP-UGT, a EGAP e a Asociación Galega de Arte e Cultura. Un esforzo que este ano é máis de agradecer, porque en tempos críticos sempre hai prioridades, e neste sentido adoitamos escoitar os nosos maiores aquilo de que “se non hai para pan, non se pode gastar en estampas”, un dito tan evidente que non deixa lugar para o maxín.

Así e todo, os que facemos das artes e das letras a nosa particular vía de fuxida, pensamos que sempre hai un tempo, por mal que estean as cousas, para facer da creación, en calquera das súas manifestacións, un xeito de dar e recibir, dar porque espallamos emocións e sensibilidade, e recibir, porque a creación de seu é a satisfacción que proporciona, e o feito de crear non ten razón de ser se non se comparte.

Sempre hai un tempo para mergullármonos na conceptualización, esa verba, tan de moda hoxe, traída a colación, tanto sen vir a conto coma se non, que é, nin máis nin menos, que esa incapacidade que ten o fecedor de arte de explicar o significado da súa obra, cousa imposible, porque aquilo que non ten existencia anterior á súa creación, non pode definirse, e por iso correspóndelle ao destinatario a súa interpretación.

E sempre hai un tempo, ademais, para non nos esquecer de procurármonos ese alimento do espírito que é a creación, de mirar de protexela nestes momentos de crise económica, de ver nela esa dorna que navega por un mar de brétema, emporiso é quen de chegar a bo porto, malia o dificultoso desta travesía.

Así que un ano máis dámoslle a benvida a esta nova edición da Mostra das Arte se das Letras dos Empregados da Administración autonómica galega, co sincero desexo de superación, ano tras ano, e de permanencia.

Lita Rivas

PINTURA

MARÍA BEATRIZ ÁLVAREZ PENAS


Consellería do Medio Rural e do Mar.



TÍTULO: "Camiñantes"
TÉCNICA: Óleo- Puntillismo
MEDIDAS: 81 × 60 cm

FELIPE BARDELÁS

Consellería de Traballo e Benestar. Vigo
Servizo de Familia e Menores.



TÍTULO: "Praza de Azkárraga". A Coruña
TÉCNICA: Acuarela e tinta s/ papel
MEDIDAS: 68 × 49 cm

M^a CÁNDIDA CABALEIRO BARREIRO

SERGAS



TÍTULO: "Contracorrente"
TÉCNICA: Xilografía con china colé
MEDIDAS: 65 x 55cm

CARMEN CASAL LLORENTE

SERGAS



TÍTULO: "Muíño vello"
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 60 x 30 cm

LUIS CERVIÑO PERNAS

IGAPE



TÍTULO: "Devalo"
TÉCNICA: Acrílico s/lenzo
MEDIDAS: 100 x 100 cm

CONSTANTINO CUESTA

SERGAS



TÍTULO: "A matanza"
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 100 x 80 cm

ROSA M^a DÍAZ VELOSO

SERGAS



TÍTULO: "Panorámica dunha cidade"
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 70 x 100 cm

MARINA DOMÍNGUEZ LOMBA

SERGAS. Vigo



TÍTULO: “Desnudo”
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 60 x 70 cm

MANUEL ESCRIBANO GALLEGO

E.G.A.P.



TÍTULO: "Vergoña"
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 27 x 22 cm

RAMÓN GONZÁLEZ-ALEGRE BURGUEÑO

Oficina de Turismo de Vigo



TÍTULO: "Cabezudos"
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 65 x 51 cm

RAFAEL LAMPÓN GONZÁLEZ

AGI



TÍTULO: "Sen palabras"
TÉCNICA: Acuarela s/papel
MEDIDAS: 42 x 54 cm

XOSÉ LUIS LOUZAO MARTÍNEZ

Consellería de Traballo e Benestar



TÍTULO: “Felix silvestris”
TÉCNICA: Acrílico s/lenzo
MEDIDAS: 40 x 30 cm

PEPA MARIÑO

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



TÍTULO: "Cap Louro"
TÉCNICA: Mixta s/lenzo
MEDIDAS: 100 x 80 cm

JAIME MUINELO GRUEIRA

Consellería de Facenda da Coruña



TÍTULO: "A pradeira dos cabalos"
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 55 x 46 cm

JOSÉ M. PICHEL COSME

Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



TÍTULO: "Interminable"
TÉCNICA: Mixta
MEDIDAS: 100 x 81 cm

JAVIER REIRIZ

Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar



TÍTULO: “Á sombra”
TÉCNICA: Óleo s/táboa
MEDIDAS: 33 x 24 cm

GILBERTO REY GRANDE

Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



TÍTULO: "Hortensia"
TÉCNICA: Mixta s/ táblex
MEDIDAS: 55 x 46 cm

VÍCTOR REY GRANDE

Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



TÍTULO: "Solpor roxizo"
TÉCNICA: Acrílico s/lenzo
MEDIDAS: 46 x 55 cm

AMPARO RIBEIRO

112 Santiago



TÍTULO: "Paisaxe"
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 60 x 60 cm

SAGRARIO RILO MATO

Consellería do Medio Rural e do Mar



TÍTULO: "Vida"

TÉCNICA: Acrílico s/lenzo

MEDIDAS: 80 x 100 cm

M^a JESÚS RIVEIRO

SERGAS. Vigo



TÍTULO: "As tres idades de Riveiro"
TÉCNICA: Mixta
MEDIDAS: 74 x 54 cm

VICTORIA RODRÍGUEZ SOLORZANO

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.



TÍTULO: “Allos blancos”

TÉCNICA: Acrílico

MEDIDAS: 40 x 30 cm (sen marco)

MANUELA ROMERO VÁZQUEZ

IGVS Lugo



TÍTULO: "Muller flor" (Picasso)
TÉCNICA: Óleo s/lenzo
MEDIDAS: 38 x 46 cm

CELIA SANTOS

Consellería de Sanidade



TÍTULO: "Sen título"
TÉCNICA: Acuarela
MEDIDAS: 46 x 38,5 cm

COLAXE

RAMÓN JIMÉNEZ PÉREZ


Casa de Galicia. Madrid



TÍTULO: "Cinto de Möbius"
TÉCNICA: Mixto, origami e coiro florentino
MEDIDAS: 34 x 39 cm

PILAR PÉREZ ABILLEIRA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




TÍTULO: "Galiñeiro"

TÉCNICA: Colaxe

MEDIDAS: 60 x 47 x 7 cm

AMELIA RIVERA RODRÍGUEZ

IGAPE



TÍTULO: "Paisaxes desoladas" (2012)
TÉCNICA: Colaxe
MEDIDAS: 100 x 65 cm

DEBUXO

FELIPE BARDELÁS


Consellería de Traballo e Benestar. Vigo
Servizo de Familia e Menores.



TÍTULO: “Arco do Pazo”. Santiago de Compostela
TÉCNICA: Rotulador
MEDIDAS: 30 x 40 cm

ROMÁN BUENO MURGA

Consellería do Medio Rural e do Mar



TÍTULO: "Paz"

TÉCNICA: Debuxo

MEDIDAS: 52 x 45 cm

M^a ROSARIO FERNÁNDEZ CABALEIRO

Xefatura Provincial da Consellería de Traballo e Benestar




TÍTULO: “Muller sensual”

TÉCNICA: Debuxo a carboncillo

MEDIDAS: 47 x 60 cm

PILAR GARCÍA REGO

TVG



TÍTULO: "Cinco"

TÉCNICA: Debuxo, rotulador sobre papel

MEDIDAS: 99 x 69 cm

ESCULTURA

PEPA MARIÑO

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



TÍTULO: “Pata negra” (serie “Comeremos pedras”).

Homenaxe a García Márquez)

TÉCNICA: Ferro, pedra, metal e madeira cromada

MEDIDAS: 70 x 53 x 16 cm

ALBERTO SABINO MIRAZ PÉREZ

SERGAS. Vigo



TÍTULO: "Cabeza de cabra"
TÉCNICA: Embalaxe
MEDIDAS: 111 x 42,5 x 24 cm

PILAR QUINTEIRO ALONSO

SERGAS



TÍTULO: "O home que cavila"
TÉCNICA: Barro, baleirado en escaiola, cromado
MEDIDAS: 30 x 25 x 33 cm

GILBERTO REY GRANDE

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



TÍTULO: "Choiva"
TÉCNICA: Mixta
MEDIDAS: 15 x 15 x 40 cm

SAGRARIO RILO MATO

Consellería do Medio Rural e do Mar



TÍTULO: “Soidades”

TÉCNICA: Gres modelado e cocido-pintado

MEDIDAS: 25 x 25 x 25 cm

AMELIA RIVERA RODRÍGUEZ

IGAPE



TÍTULO: “Milimétrica”

TÉCNICA: Mixta

MEDIDAS: 150 x 65 x 50 cm

DESEÑO

MARTA FERNÁNDEZ SILVA

IGAPE



TÍTULO: “Mi coqueto atelier”
TÉCNICA: Modelaxe
MEDIDAS: Pequeñas pezas

MAQUETACIÓN

PEPA MARIÑO

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



TÍTULO: "Homenaxe ás letras galegas" (instalación para proxectar en praza pública)
TÉCNICA: Mixta, cerámica, amalgama de area, pasta de papel e diversos materiais
MEDIDAS: 38 x 35 x 55 cm

FOTO DIXITAL

M^a DEL CARMEN ÁLVARO LÓPEZ


Consellería de Facenda



TÍTULO: "Devir cristalino"
TÉCNICA: Foto dixital cor
MEDIDAS: 46 x 30 cm

FRANCISCO CELA

Consellería de Traballo



TÍTULO: “Crise”

TÉCNICA: Macro-fotografía, branco e negro

MEDIDAS: 30 x 45 cm

ANA DÍAZ ALONSO

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas



TÍTULO: “O xardín da eterna primavera”
TÉCNICA: Foto dixital texturizada s/ glicée
MEDIDAS: 30 x 40 cm

JAIME DÍAZ FIUZA

Centro coordinador de información xuvenil



TÍTULO: “Onde a sombra se agocha”
TÉCNICA: Fotografía dixital
MEDIDAS: 15 x 30 cm.

PILAR FEÁS

SERGAS



TÍTULO: “Faro de Fisterra”
TÉCNICA: Foto dixital s/papel fotográfico
MEDIDAS: 50 x 70cm

ALBERTO LORENZO SALAMANCA

Residencia “Porta do Camiño”. Santiago



TÍTULO: “Efectos da cavitación”
TÉCNICA: Fotografía dixital cor
MEDIDAS: 30 x 40 cm

POESÍA

M^a DEL CARMEN ÁLVARO LÓPEZ

Consellería de Facenda



A CANCIÓN DOS ALECRÍNS

*É a primavera quen esperta mainiña
no lapis das consciencias azuis.*

*Cando a luz entra no caderno do tempo
unha palabra rebrinca a miúdo
na canción cotiá dos alecríns.*

*É a voz,
que se bifurca e flúe.*

*Logo de pintar de branco as notas
dos negros silencios
as gorxas falan de súpeto
as linguas dunha paisaxe esfiñada.*

*Ás veces latexa a tarde no corazón da sombra,
dende a ventá que redime as dúbidas dos espellos.
Queda a pel espida
para prender un anaco de tea na esperanza.*

SAGRARIO RILO MATO

Consellería do Medio Rural e do Mar



15 M (Maio 2011)

Xa non estou triste ou dorida pola bandira que elixo .
Nesta primaveira brilou a bandeira que agrupa as cores que amo,
Os soños nos que creo,
a luz da futura humanidade agromando no presente.
Sabemos que non será fácil,
sabemos que non nos deixaran ir adiante con este son,
sabemos que se creou o eco, a canción,
sabemos que se cantaron os soños de moitos corazóns,
o sabemos.
Tamén sabemos que a mesma primaveira da esa forza,
pero o que non sabemos nin non atrevemos a soñar
é a nova humanidade con ética,
con paz, con xustiza,
con igualdade e libre de privilexiados,
libre de cadeas,
libre en definitiva dos resquicios da escravitude.
Soñar sabemos soñar,
falar sabemos falar.
Agora¿sabermos poñer a andar xa esa nova humanidade?
Esa é a verdadeira loita,
o reto que nos salvara o darnos forzas,
e heroicidade para crear ese hábitat
de un solo canto na diversidade.

LITA RIVAS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ESE DÍA

*Estou a agardar por un día, un día moi especial
o que dea sentido ás cousas, ese día ha chegar
O meu mellor sorriso espertará,
bágoas silandeiras escorrentará*

*Agardo por ese día senlleiro
o da resposta luz, logo de tanta resposta escura
A noite tamén agarda, acubilla estrelecidos soños
por ese día que ha chegar*

*Agardo contra o abrente, e nas noites de luar
e loito contra a corrente, da rutina cotiá
Fío no meu destino, por iso sigo a agardar
esa lumieira que as tebras ha rachar*

*Esperto decote para ollar un baleiro día máis
e escoito o son do silencio, que ninguén pode calar
Ilusións crebadas, pero...
sigo a agardar con devezo, ese día moi especial.*

RELATO CURTO

ANA DÍAZ ALONSO

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.



PRAZA MAIOR 10



Baixo os soportais da Praza maior había un limpabotas.

Cada mañá, ó ir ó colexio, viámolo chegar coa caixa de madeira nunha man e un pequeno banquiño no que se sentaba para traballar, na outra. Traía o

xornal que lle deixaba o repartidor no bar da rua Colón debaixo do brazo... e poñíase no mesmo sitio esperando ter a sorte de que ese día o traballo lle permitise voltar á casa pola noite cos cartiños suficientes para poner enriba da mesa algo quente; con constancia e con paciencia mantivo a súa rutina ata que sendo nós xa mozos, alguén nos dixo que os moitos grolos de viño ruín e licor café fixeran chegar o seu fígado ao límite infranqueable. Os soportais xa non volveron a ser os mesmos sen a súa presenza.

Lustraba os zapatos dos señoritos de familias de “toda a vida” que vivían preto, e os dos funcionarios que saían do Concello, ou os dos empregados das oficinas dos bancos que hai darredor, que eran os únicos que se podían permitir darlle unhas moedas polo traballo, a cambio moitas veces de que lles informara das idas e voltas do que alí acontecía, despois de todo el era o notario da Praza, e non había cousa que pasase naquel sitio que non soupera. Era imposible agocharlle nada aos ollos sempre pendentos daquel home que miraba sentado ó carrancholo, dende o banco case a ras de chan...

Formaba parte da paisaxe habitual da cidade. Todos os que temos unha certa memoria retrospectiva, lembramos a figura daquel home con boina e cigarro sentado baixo o mesmo arco un día e mais outro, con sol ou con choiva.

Aínda hoxe a veces, cando paseo por alí, teño a sensación de que sigue dirixindo a súa mirada cara nós, os nenos que entón xogábamos na praza empedrada.

Chamábase Luis.

A cidade medrou arredor daquela extrana praza inclinada. Os arcos desiguais que siguen tendo conta da historia, traen á miña memoria moitas tardes de inverno nas que os soportais convertíanse no escenario do noso teatro infantil; e servían de protección e soporte para guerras de rapaces, liortas escomenzadas sen saber ben por qué, das que se daban por rematadas compartindo un cucurucho de castañas. E de amores nacidos á sombra dos pilares... que nunca chegamos a admitir, pero que forman parte do arquivo persoal das experiencias non vividas, que sen embargo soubemos existentes... Non precisábamos falar, porque pensabamos que xa sabían eles

donde atoparnos e máis tarde ou máis cedo viríannos a buscar alí mesmo; así de convencidos estábamos da súa cercanía. E así de errados.

Cando a choiva era forte, a auga corría cara a parte baixa da cidade, e alfombraba o chan que tiñamos enfrente. Os nenos fantaseábamos nos rincóns daquela praza que, daquela case non tiña luz, con aventuras inalcanzábeis, e con todo canto poidese resultar escandaloso para os maiores que nos miraban dende a súa posición de arrogancia adulta, envexosos –supoño- de non ter idade xa de facer, como nós, o que nos daba a gana...

Non sabíamos entón, o pouco que duran as pinceladas de liberdade que nos regala a vida de rapaz...

Anos, moitos anos despois, os soportais siguen vencendo o paso do tempo, e gardando –quizais- as ilusións doutros rapaces, os proxectos dalgúns homes e os soños de quen se para a contemplalos. Ten sido testemuña de cambios persoais, sociais... de ledicias compartidas polos veciños e sobre todo de momentos de pranto e dor que foron aumentando o seu carácter e que –tamén pode ser- a fixérona cambiar connosco, e evolucionar co tempo. Ata converterse nun referente do noso pasado que tenta mirar con novos ollos cara un futuro que ás veces non pinta como o soñamos os que medramos nela. Ou quen sabe.....

Pode que nós xa non sexamos os mesmos; a praza sí.

JAVIER REIRIZ

Secretaría xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar.



“O COLECCIONISTA DE PALABRAS”

O soño de Gabriel sempre foi ser escritor e chegar a publicar libros cheos de palabras raras, eses libros que moita xente le pero que case ninguén entende. Dende moi pequeno se lle coñeceron aptitudes e ambición para chegar a selo, pois o seu entretemento principal consistía en sentar no chan cun libro entre as pernas e pasar as follas, tentando interpretar o que aqueles signos raros e caprichosos querían transmitirle. Conforme foi crecendo creu que a realización do seu soño podería chegar a facerse realidade se tivese absoluto control sobre as palabras, sobre a totalidade dos vocábulos que pasaban por diante dos seus ollos e quedaban aloxados na súa memoria. Dedicouse á ingrata tarefa de recopilarlos e gardalos en lugar seguro, así, cando os precisase, podería recurrir a eles.

Pasou moito tempo coa súa etapa de aprendizaxe, recortando nomes, adxectivos, verbos e toda clase de figuras gramaticais que atopaba en xornais e revistas. Non se contentaba con posuír o infinitivo, senón que gardaba todos os tempos, e destes, cada unha das persoas. Cando tivo todas as palabras reunidas nun gran saco, creu que a tarefa máis dura xa acabara e que para escribir bastaría con ir sacando palabra tras palabra ata chegar a conformar unha historia. Así de sinxelo cría Gabriel que era escribir.

E por fin chegou o día de iniciar a súa andadura como escritor. Durante unha tempada estivo sacando palabras do saco e pegándoas nas páxinas dun

caderno, de tal xeito que cando rematou e leu o texto resultante deuse conta de que algo no ía ben, que o ter reunidas todas as palabras non bastaba para crear algo que puidera chamarse “unha verdadeira historia”. Tiña a materia prima, o diamante en bruto, pero faltáballe a maquinaria necesaria para converter esa pedra burda en algo fermoso, nun brillante. Se o hábito do que escribe é a palabra –enténdase por hábito a ferramenta- podería dicirse que a palabra non fai ao escritor como o hábito non fai ó monxe. Non obstante, a súa determinación de se converter en escritor era tan forte que non se desanimou. A cuestión era facer que as palabras seleccionadas e colocadas de xeito adecuado tivesen sentido e se convertesen en algo coherente. Pero... ¿Como?

Rexeitou a idea do saco por inútil, aínda que tivo que recoñecer que o feito de ter un contacto tan estreito coas palabras o tiña convertido nun profundo coñecedor do vocabulario, e por conseguinte, da lingua. A experiencia foille dicindo que o máis importante para escribir boas historias era, en primeiro lugar, ter albergadas as palabras na mente, listas para ser usadas, e en segundo lugar, o saber seleccionalas e levar ao papel as necesarias. Só esas. Logo virían a maquillaxe e os retoques necesarios, que deberían ser os que redondeasen a obra.

Gabriel aprendeu co tempo que as historias están aí, na mente, misturadas, entretecidas, esperando pacientemente ser sacadas á luz. Aprendeu que corresponde ao escritor darlles forma e modelalas ata facelas creíbles, máxicas, dignas de ser lidas. O protagonista desta historia chámase Gabriel, pero ben puidera chamarse Miguel, ou William, ou Lev, ou Fiódor, ou Mario, ou... Gustaríame pensar que detrás do xenio de toda esta xente agóchase unha historia de aprendizaxe e dedicación parecida, unha historia máxica semellante á de Gabriel.

LITA RIVAS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



De Cronos a Kairos

Sempre presentín que estabas aí, nalgures, noutro tempo e lugar. Quizais andei na túa procura, sen sabelo, no máis profundo do meu inconsciente. Ás veces...unha sensación indescribible, coma unha presenza invisible que reconforta, como a luz lene dunha candeia, dentro do corazón.

Talvez este mundo tan só sexa un máis entre incontables mundos, como incontables son tamén as pingas de auga no océano ou as latexantes estrelas visibles e aqueloutras, que escapan á nosa miúda percepción.

Emporiso; e por se o fado antolladizo, non teña proxectado xuntarnos nesta vida, aturareino e agardareite nalgún lugar alén do tempo, nese *Kairos* grego de intemporalidade, de eternidade, lonxe da escravitude do tempo real, dese *Cronos* que non descansa xamais.

Ela suspirou, mentres pechaba devagar aquel libro, que conseguira illala do exterior, acubillala nunha burbulla protectora e vivificante. Repasou o que acababa de ler e sentiuse plenamente identificada con aquela fervenza de sensacións, que estaban a asolar cada páxina e que ela absorbía con devezos.

El escribiu o derradeiro parágrafo daquela historia, que levaba tanto tempo, tentando darlle forma e que era en realidade a súa procura constante trala súa alma xemelga, que todos queremos achar e que moi poucos somos quen de

atopar e pensou que, se cadra...

Ela, nalgún momento dese *Kairos* sen pasado, presente, nin futuro, leríao e os sentimentos que *El* tiña espallado sobre aquelas follas, coma ese orballo, que impregna os campos no estío, se cadra, servirían para facela soñar.

—E o título? cavilou un intre, *De Cronos a Kairos*, decidiu convencido.

XULIO XIZ

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



MIRANDO A VIDA AO TRASLUZ

(A Teté).

Non hai moito tempo fixen unha complicada obra de restauración rural, onde durante tres longos anos fomos compoñendo a estrutura e as formas dunha vella edificación labrega para que, sen perder as súas especiais características de vetustez e galeguidade se adaptase á vida de hoxe.

Cando rematamos o longo proceso, tanto o arquitecto como os traballadores da empresa que realizou a obra estaban plenamente satisfeitos porque non houbera que tirar nin un metro de muro. Parece que o que ven sucedendo é que en calquera tipo de obras haxa que reestruturalas sobre a marcha, e anaco de obra que non se axusta ao desexado ou pedra mal colocada que arrastra a todas as que lle seguen retírase de inmediato para volver ao bo camiño.

Ditoso o que na súa vida vai colocando pedras na construción dun muro interminable, atopándose cando o muro está rematado con que a chumbada indica a súa perfección, e nada hai que facerlle para utilizalo como marco vital. Iso é o perfecto.

A min xa me parecía que o muro ía un pouco torto pero coidaba poder endereitalo co tempo, de maneira que tivese futuro. Lembraba, ademais, que os albaneis ás veces, cando algunha pedra sobresa do muro, arrímanlle unha superficie plana, un madeiro preferentemente, e a golpes de marra volven a pedra díscola ao lugar que lle corresponde.

Hai uns meses caéronme as pedras dun muro que levabamos varios anos construíndo. A obra ía moi amodo, pero nela tiñamos abertas tres fermosas fiestras, os materiais parecían bos e os albaneis de absoluta confianza. Pero algo fallou e houbo que tomar drásticas medidas correctivas.

O resultado aínda non está vista, pero imos prescindir dese muro e no seu lugar construír unha celosía para a que xa temos todos os materiais, e non hai máis ca reconverter o proxecto sobre a marcha, sen présa pero sen pausa. Os materiais que nos quedan sabemos que son de primeirísima calidade, os obreiros de confianza, a obra moi longa, os fracasos sumamente dolorosos pero o que verdadeiramente conta é “poñerlle o ramo” á construción cando o traballo estea rematado se chegamos aló.

Mirar a vida ao trasluz ven ser coma repasar o muro que estamos construíndo para evitar desagradables sorpresas, que non toda a pedra vale para construír unha obra duradeira. Que hai obras que non resisten a mirada ao trasluz, como hai vidas que miradas ao trasluz deixan ver malignos cancro que acabarían por empezoñar todo o que tocan. Grazas que aínda quedan vidas – e obras- que miradas ao trasluz son limpas e luminosas, e por elas, e con elas, sigue valendo a pena recomenzar calquera obra.

